

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito (inclusive a coordinación do Grao na simultaneidade ADE-Dereito)

CURSO 2017-2018

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito

CURSO 2017-2018

Validado pola Comisión de Calidade o día 19 de decembro de 2018
Aprobado pola Comisión Permanente o día 19 de decembro de 2018

Índice

1.	Información xeral	3
2.	Coordinación	3
3.	Xustificación e descrición do informe	3
4.	Accións de coordinación	4
4.1.	Reunións e actuacións de coordinación	4
4.1.1.	Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Grao en Dereito cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os do Grao en Dereito e da Simultaneidade-.....	4
4.1.2.	Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e na Simultaneidade	5
4.1.3.	Reunións e actuacións de coordinación cos titores/as do Plan de Acción Titorial	5
4.1.4.	Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade	6
4.1.5.	Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados	7
4.1.6.	Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora da materia Traballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente.....	9
4.1.7.	Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo	16
4.1.8.	Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito	16
4.2.	Outras accións de coordinación desenvolvidas.....	16
4.2.1.	Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade.....	16
4.2.2.	Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade	18
4.2.3.	Actuacións de promoción do centro.	19
4.2.3.1.	Actuacións desenvolvidas durante o curso 2017-18 para a promoción do centro e das súas titulacións:.....	20

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

4.2.3.2.	Promoción internacional do centro: basicamente a través do profesorado, PAS e alumnado que realiza estancias en Universidades estranxeiras.....	21
4.2.3.3.	.Revisión e actualización da sección alumnado da web da Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso.	21
4.3.	Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora	21
4.3.1.	Actuacións e incidencias máis relevantes	21
4.3.2.	Accións de mellora para o curso 2018/2019	31
5.	Conclusións	32
6.	Anexos.....	32

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

1. Información xeral

Denominación do título	Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Curso de implantación	2014/2015 Plan 1 (plan de estudos modificado "G081 – Plan 2014") 2014/2015 PCEO (plan conxunto de estudos Grao en Dereito/Grao en Administración e Dirección de Empresas)

2. Coordinación

Equipo coordinador do Grao en Dereito	Equipo de goberno da Facultade de Dereito complementado pola comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo
Equipo coordinador do Grao en Dereito na simultaneidade ADE-Dereito	Comisión de coordinación do PCEO

3. Xustificación e descrición do informe

A memoria para solicitar a verificación da modificación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo lembra no apartado «Procedemento de coordinación do Grao» (páx. 48) que na memoria inicial introduciuse a figura do coordinador/a de curso para garantir a axeitada coordinación docente no proceso de programación da avaliación continuada das materias en cada curso académico, pero que, co paso do tempo, apreciouse que era preferible contar cun coordinador/a único para a titulación. Entre outras funcións, o coordinador/a do Grao deberá emitir informes periódicos a través dos que manter informado ao decanato das incidencias e dos eventos relevantes. Para tal fin, o coordinador/a do Grao debe manter reunións de coordinación co alumnado e co profesorado do Grao en Dereito. Pola súa banda, os coordinadores/as das materias de Prácticas externas e de Traballo de fin de Grao encárganse de coordinar aos distintos titores/as e a/o responsable de relacións internacionais da coordinación das actuacións de mobilidade. Todas as labores de coordinación horizontal e vertical que se desenvolven facilitan o bo funcionamento do título, a análise das incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e dos plans de mellora acometidos dende a coordinación do equipo de goberno do centro.

Dada a peculiaridade do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo, título único impartido en dous centros –as facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo–, constituíuse unha comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo conformada polos decanos/as e os coordinadores/as do Grao, co obxecto de avaliar

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xordan e establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os dous centros.

Finalmente, dende o curso 2014/2015 posibilitouse que o estudantado poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante un programa conxunto («simultaneidade») elaborado polas facultades de Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais. En relación coa coordinación da simultaneidade, o artigo 6 da Memoria vixente para o programa conxunto de estudos oficiais do Grao (PCEO) (Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito - Campus de Ourense), aprobada polo Consello de goberno o día 22 de xullo de 2016, prevé o desenvolvemento das tarefas de coordinación do programa de simultaneidade por un equipo integrado polas persoas coordinadoras do Grao en ADE e do Grao en Dereito, agás que a persoa titular do decanato dun centro decida delegar nun vicedecano/a a coordinación do Grao do respectivo centro no PCEO. Ademais establecerase un órgano coordinador formado polas persoas titulares dos decanatos e as coordinadoras dos graos de ambos os dous centros no PCEO. Esta comisión, cando existan dificultades na coordinación que o fagan conveniente, reunirse a instancia de calquera dos dous decanatos.

4. Accións de coordinación

A continuación descríbense as diversas actuacións de coordinación docente realizadas no curso académico 2017-2018 coa finalidade de facilitar o bo funcionamento do centro e do título de Grao en Dereito –incluído o programa conxunto da simultaneidade ADE-Dereito-, analizar as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e acometer plans de mellora dende a coordinación do equipo de goberno do centro.

4.1. Reunións e actuacións de coordinación

4.1.1. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Grao en Dereito cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os do Grao en Dereito e da Simultaneidade-

Durante o curso académico 17/18 realizáronse un total de 3 reunións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 24/11/2017. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre:
 - a) Posta en marcha do cronograma de actividades para o 2º cuatrimestre
 - b) Necesidade de cumprimento e adopción do recollido nas guías docentes, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado
 - c) Incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia

- 16/03/2018. O obxectivo principal desta reunión foi:
 - a) Informar ao alumnado sobre a docencia das materias, debido á baixa médica do Prof. Fernando de Franco:
 - Introducción ao dereito civil e dereito da persoa
 - Dereito civil II
 - Dereito de danos e responsabilidade civil
 - b) Análises das carencias (ou exceso) de contidos das materias do Grao

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- 20/04/2018. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polos delegados/as sobre a recollida das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia

4.1.2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e na Simultaneidade

Durante o curso académico 17/18 realizáronse un total de 2 reunións/actuacións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 24/11/2017. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polo profesorado sobre:
 - a) Entrega do cronograma de actividades académicas para o segundo cuatrimestre
 - b) Seguimento do reflexado nas guías docentes e a recollida de evidencias da aplicación das distintas metodoloxías de avaliación.
 - c) Necesidade de cumprir o indicado no POD de cada departamento (no relativo a que profesorado imparte cada materia e con cantas horas de adicación)
 - d) Necesidade de comunicar calquera incidencia na docencia, teórica ou práctica, á secretaría do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente.
 - e) O cumprimento dos horarios e calendario académico.
 - f) Detección de carencias ou solapamentos nos contidos das distintas materias.
 - g) Recollida das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia
- 27/04/2018. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polo profesorado sobre:
 - a) Incidencias detectadas no proceso de planificación das Enquisas de avaliación docente
 - b) Analizar se se detectaron problemas de organización temporal das materias no plan de estudos
 - c) Elaboración das guías docentes para o curso 2017/18.
 - d) Necesidade de cumprimento do recollido nas guías docentes, sobre todo, dada a proximidade do fin do cuatrimestre, no recollido no apartado de avaliación.
 - e) Necesidade de cumprir o indicado no POD de cada departamento (no relativo a que profesorado imparte cada materia e con cantas horas de adicación)
 - f) Necesidade de comunicar calquera incidencia na docencia, teórica ou práctica, á secretaría do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente
 - g) O cumprimento dos horarios e calendario académico.
 - h) Elaboración do cronograma de actividades
 - i) Informe das queixas do alumnado
 - j) Recollida das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia

4.1.3. Reunións e actuacións de coordinación cos titores/as do Plan de Acción Titorial

Durante o curso académico 17/18 realizáronse as seguintes reunións/actuacións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación (ademais de informar na última Xunta de Facultade do curso 16/17 sobre a posta en marcha do PAT para o curso seguinte):

- 12/06/2017: Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos titores do curso 17/18 solicitando se desexan continuar, como titores, para o curso 17/18. A profesora dona Francisca Fernández Prol indica que non pode continuar polo que o PAT contará con 5 titores para o Grao e 2 para o PCEO.
- Última semana de xuño de 2017: a decana, dona Marta Fernández Prieto, enviou distintos correos electrónicos ao alumnado de 3º e 4º do Grao e os alumnos de 4º do PCEO (curso máis alto do PCEO neste curso) solicitando a súa colaboración para participar no PAT como alumnos-titores.
- 04/09/2017: celebrouse na Facultade de Dereito o curso 0: INTRODUCCIÓN AOS ESTUDOS DE DEREITO dirixido ao alumnado de Grao e do programa conxunto ADE-Dereito. Os obxectivos que persigue este curso son:
 - a) Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
 - b) Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- c) Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
 - 17/09/2017: Publícase na web do centro o anexo I do PAT coa asignación de alumnado a profesorado-titor/alumnado-titor para o curso 17/18. Ademais, dende a coordinación, enviouse un correo electrónico aos titores do PAT solicitando que convoquen unha primeira reunión co alumnado titorizado para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. Indícase que a dita reunión deben asistir os estudantes titores.
 - 21/09/2017: Reunión cos estudantes titores para analizar as súas funcións dentro do PAT.
 - 25/09/2017: Dende a coordinación, enviase un correo electrónico a todo o estudantado de novo ingreso informando de que van a ser convocados polos seus titores a unha 1ª reunión dentro do PAT.
 - 19/01/2018: Dende a coordinación do Grao e Simultaneidade enviouse un correo electrónico aos titores do PAT solicitando que se convoque unha reunión para o seguimento dos estudantes titorizados.
 - 22/01/2018: Dende o centro organizouse o curso 3.5, fundamentalmente destinado ao alumnado de terceiro curso do Grado de Dereito e cuarto curso do PCEO. Os obxectivos deste curso son:
 - a. Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestradoe o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.
 - b. Presentar ao alumnado de terceiro curso e cuarto curso do PCEO a información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao: TFG, posibilidades de obter una mención no título, etc..
 - c. Dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Os temas abordados foron os seguintes:
- a. Prácticas extracurriculares e emprego. D.ª Sandra Morales. FUVI.
 - b. A optatividade e a estrutura en Mencións. Prof.ª Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
 - c. A organización da materia optativa Prácticas externas. Prof.ª Dra. Susana Álvarez González. Coordinadora da materia Prácticas externas do Grao en Dereito.
 - d. O Tráballo fin de Grao. Prof.ª Dra. Marta Fernández Prieto. Coordinadora da materia TFG.
 - e. A mobilidade do estudantado no estranxeiro. Prof.ª Dra. M.ª Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais da Facultade de Dereito.
 - f. Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Mestrado universitario en avogacía. Prof.ª Dra. M.ª Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Mestrado universitario en avogacía da Facultade de Dereito.
- 30/06/2018: Dende a coordinación do Grao enviouse un correo electrónico aos titores do PAT e os alumnos titores solicitando que cumprimentasen o anexo "IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a" e o envíen por correo electrónico á coordinadora. Tamén se solicita ao profesorado que, se aínda non enviaron á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas ao longo do curso, os acheguen para poder realizar o informe final do PAT deste curso.
 - 30/06/2018: Dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos estudantes- titores solicitándolles que cubran o anexo "IV-B: : Cuestionario final de satisfacción do titor/a" e o remitan por correo electrónico á coordinadora.
 - 30/06/2018: Dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos estudantes- titores solicitándolles que cubran o anexo "IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado" e o remitan por correo electrónico á coordinadora.

4.1.4. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade

Durante o curso 17/18 realizaron mobilidade ERASMUS 6 alumnos de Grao en Dereito, e 2 do PCEO. Ademais, unha alumna de Grao empezará o próximo mes de agosto a súa mobilidade no marco do Programa de Bolsas Propias da Universidade de Vigo (mobilidade con América Latina).

A convocatoria de mobilidade ERASMUS + publicouse o 29 de decembro de 2017. O 15 de xaneiro de 2018, Dna. Amelia Rodríguez Piña, Directora da ORI, convocou unha reunión dirixida ao alumnado de todas as Titulacións do Edificio Xurídico-Empresarial.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

O 21 de marzo de 2018, tras a publicación da listaxe provisional de admitidos (o día 14 de marzo), dende a coordinación de relacións internacionais convocouse a unha reunión (seminario 51) a todo o alumnado que solicitara a mobilidade ERASMUS coa finalidade de explicar-lles todas as cuestións académicas da mobilidade.

Posteriormente, tras a publicación da listaxe definitiva de destinos mantivéronse diversas reunións, así como comunicación vía correo electrónico cos distintos alumnos a medida que van cumprimentado o seu acordo de estudos (hai que destacar que todos os alumnos cumprimentaron o seu acordo de estudos na Secretaría Virtual).

Durante o curso 18/19 realizarán mobilidade ERASMUS 8 alumnos de Grao en Dereito, e 2 do PCEO. Ademais, un alumno de Grao está realizando a súa mobilidade no marco do Programa de Bolsas Propias da Universidade de Vigo (mobilidade con América Latina).

Hai que destacar que este curso académico produciuse un notable incremento do alumnado que solicitou a mobilidade ERASMUS tanto de Grao como de PCEO (máis de 15 persoas), sen embargo, varios alumnos presentaron a súa renuncia (a meirande por motivos persoais) polo que a cifra de total de alumnos en mobilidade segue sendo baixa (10 alumnos).

Neste sentido, coa finalidade de incrementar o número de alumnado que cursa un período de estudo en terceiros países (xa sexa mobilidade no marco do Programa ERASMUS o no marco dos Programas con América Latina), dende a coordinación de relacións internacionais, séguese incidindo nas reunións informativas. Neste sentido, cabe destacar, que na Xornada de acollida ao alumnado de primeiro curso (Curso 0) impártese, por parte da Responsable ERASMUS do Centro, una charla sobre os Programas de mobilidade e tamén no Curso 3.5 (enfocado ós alumnos de terceiro curso).

Por outra banda, tamén se está a estudar, no marco do Plan de internacionalización do Centro, a promoción no exterior do Itinerario en Dereito da Unión Europea, co obxectivo de atraer alumnado tanto do Programa ERASMUS como dos Programas con América Latina. Neste sentido, as accións encamiñáanse a publicitar dito itinerario na web da nosa Facultade así como o envío de información ás diversas Universidades coas que o centro celebrou convenios de intercambio de alumnado.

4.1.5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso 2017/2018 realizáronse as seguintes reunión e actuacións en relación coa materia "Prácticas Externas":

- Maio, xuño, xullo, setembro e outubro de 2017: diferentes reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas. Execútanse, ademais dos Convenios que xa figuran no informe 2016-2017, os convenios da Universidade de Vigo co Concello de Barbadás, Ader Recursos Humanos ETT, Servicio Galego de Saúde, Ingade e Pérez Rumbao.
- Xuño 2017: Elaboración da guía docente pola coordinación.
- Setembro 2017: Convocatoria para o nomeamento de Titores académicos de Prácticas Externas. A Comisión Académica nomea como titores académicos aos seguintes profesores: Dna. Susana Álvarez González, Dna. Marta Fernández Prieto, D. Miguel Michinel Álvarez e Dna. Francisca Fernández Prol.
- Novembro de 2017: Publicación de oferta formativa de prácticas externas 2017-2018.
- Decembro de 2017: Adxudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma TEMA e na páxina web da Facultade (apartado Grao en Dereito/Prácticas externas) + comunicación aos titores externos/externos dos datos do alumnado seleccionado para a realización das prácticas nos distintos organismos e empresas implicados.
- Xaneiro/febreiro 2018. Presentación da materia prácticas externas ao comezo co cuadrimestre e intervención no curso 3.5.
- Reunións co alumnado. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) recepcionar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

elaboración de informes. As sesión informativas e de seguimento tiveron lugar nas datas determinadas polos horarios aprobados pola Comisión Permanente para o curso 2017-2018.

- Recepción do informe final e valoración dos títulos externos. Publicación das cualificacións en xuño de 2018 (plataforma TEMA)

B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia "Prácticas curriculares" no curso 2017/-2018.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2017-2018 foi de 32 prazas. Estas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

Calendario de asignación de entidades e despachos		
Entidade (nº de prazas)	Titor externo	Titor Académico
Colexio de Procuradores de Ourense (2)	Lourdes Lorenzo Ribagorda, M ^a Paz Feijoo-Montenegro	Francisca Fernández Prol
Colexio Notarial de Galicia (2)	María Isabel Louro García	Virxilio Rodríguez Vázquez
Confederación Hidrográfica Miño-Sil (2)	Diana Carballeda Chan	Virxilio Rodríguez Vázquez
Deputación Provincial de Ourense (2)	Mónica Lesgapi Díaz	Virxilio Rodríguez Vázquez
Albino Ferreira Rivera (1)	Albino Ferreira	Marta Fernández Prieto
ESEDE Avogados (1)	Miguel Diéguez	Marta Fernández Prieto
Ferro Ribadulla Avogados (2)	Fernando Blanco Arce	Marta Fernández Prieto
Subdelegación do Goberno (4)	Manuel Arias Carral	Susana Álvarez González
Concello de Barbadás (2)	Silvia Alonso Fernández, Lucía Rodríguez Pérez	Susana Álvarez González
ADER Recursos Humanos ETT (1)	Ángela Gómez Losada, Noelia Álvarez González	Francisca Fernández Prol
Centro Penitenciario Pereiro de Aguiar (1)	David Armada Fernández	Susana Álvarez González
Parlamento de Galicia (5)	Xosé Antón Sarmiento	Susana Álvarez González
Servizo Galego de Saúde (1)	Eduardo González Gil	Marta Fernández Prieto
INGADE (1)	Yolanda Trasobares Ramos	Francisca Fernández Prol
Pérez Rumbao (2)	Irene Santana Carnero, María Dolores Cuquejo Alonso	Francisca Fernández Prol

C. Valoración da proposta de mellora para o curso 2017-2018.

En relación coa acción de mellora proposta para o curso 2017-2018, indicar que se realizou plenamente. Xestionáronse os novos convenios con organismos públicos e privados. En particular, aprobouse o Convenio co Consello Xeral do Poder xudicial a través da Resolución do 19 de outubro de 2017, da Secretaría de Estado de Xustiza, pola que se publica o Convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial, a Comunidade Autónoma de Galicia e a Universidade de Vigo, para a realización de prácticas externas en xulgados e tribunais. Pódese acceder ao texto do Convenio no seguinte enlace: https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2017-12588

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

4.1.6. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora da materia Tráballo fin de Grao co alumnado ou cos titores/as implicados e da Comisión Permanente

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2017-18, a iniciativa da coordinadora da materia Tráballo fin de Grao, dos titores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbidas que xordan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvolvéronse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Tráballo fin de Grao. As máis salientables acometéronse nas seguintes datas:

- Xuño 2017: Elaboración da guía docente polo entón coordinador.
- 29/06/2017: aprobación pola Comisión Permanente dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación pública e a avaliación do TFG no curso 2017/18 -convocatorias fin de carreira (setembro e novembro de 2017: 1º e 2º prazo), xuño de 2018 (3º prazo) e xullo de 2018 (4º prazo)-.
- 07/09/2017: Designación pola Comisión Permanente mediante sorteo dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2017/18 e aprobación de criterios e asignación de titores para o alumnado que se presente ao primeiro prazo (setembro) ou ao segundo prazo (novembro) dos períodos de defensa habilitados no curso académico 2017-2018 (acórdase manter a titorización dos Traballo de Fin de Grao asignada no curso académico 2016-2017).
- 03/10/2017: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe do profesorado que no curso académico 2017-2018 cumpre os requisitos para ser titor ou titora dos Traballo de Fin de Grao e autorizar a titorización pola Prof.ª Dr.ª. D.ª Ángela Coello Pulido e polo profesor D. José Abundancia Domínguez, previa solicitude expresa dos interesados.
- Outubro-novembro de 2017: Publicación da relación de profesorado que no curso 2017/18 reúne os requisitos para titorizar TFGs.
- 23/11/2017: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2017/18.
- 01/12/2017: Aprobación da listaxe definitiva de asignación de persoas titoras ao alumnado matriculado na materia TFG no curso 2017/18.
- 20/12/2017: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de propostas temáticas asignadas ao alumnado para a elaboración do TFG para o curso 2017/18. Acórdase por asentimento elevar a definitiva a listaxe provisional de propostas temáticas no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos.
- 18/01/2017: Estimación pola Comisión Permanente da solicitude presentada pola alumna D.ª Lara Cid Dasilva e rectificación do título da proposta temática do seu Tráballo de Fin de Grao e aprobación da listaxe definitiva de propostas temáticas para a o Tráballo de Fin de Grao do curso académico 2017-2018.
- 22/01/2018: Curso 3.5, destinado principalmente ao estudantado de terceiro curso. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co traballo fin de Grao.
- 22/01/2018: Presentación da materia ao alumnado de 4º curso de Grao. Neste acto, a coordinadora informa, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación. Lémbra-selle ao estudantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudo que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuadrimestre.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- 23/01/2018: Primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlles unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- 06/04/2018: Por circunstancias sobrevidas, acórdase pola comisión permanente propoñer ao profesor D. José Abundancia Domínguez como novo titor do TFG dunha estudante, en substitución do Prof. Dr. Fernando de Franco Paz e, de non resultar posible a titorización por parte do devandito profesor, solicitar á coordinadora da Área de Dereito civil, a profesora Dra. Helena Martínez Hens, a designación dunha nova persoa titora.
- 27/02/2018: Validación pola Comisión de calidade da Facultade da rúbrica correspondente ao Traballo de Fin de Grao, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de avaliación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao proposta como acción de mellora para o curso 2017/2018.
- Mantemento das notas aclaratorias adoptadas pola comisión permanente o 20/04/2017 en relación cos TFGs:
 - Que os TFGs deberán axustarse ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computarán os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, sí se incluírán no número máximo de páxinas.
 - Respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.
 - Non proceder á gravación do acto de defensa do TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesario para que esta ofrezca as garantías necesarias
- 27/04/2018: Segunda sesión presencial co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa...-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador.
- Xaneiro-xullo de 2018: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia faitic, con información sobre premios Arquímedes, premios aos TFGs máis destacados sobre temas vinculados ao Campus da Auga, premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero en TFGs defendidos na Universidade de Vigo da Área de Igualdade e axudas aos TFGs elaborados e defendidos en lingua galega; información sobre prazos para a solicitude de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención.

B. Informe sobre o desenvolvemento da materia "Traballo de fin de Grao" no curso 2017-2018

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de Grao, que terá un mínimo de 6 créditos e que deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estará orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

prescrición, o TFG incorporouse como materia obrigatoria de 6 ECTS do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuadrimestre de 4º curso.

A incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carece de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificulta a configuración da materia e xustifica a necesidade de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG, aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”, respectando o contido da ficha da memoria de verificación; flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Tamén se detectou a necesidade de revisar os “Resultados de aprendizaxe” recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: “Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal”. Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un “traballo de recompilación”, un “traballo de investigación”, cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais (Grao, Mestrado, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, na vixente redacción do Real Decreto 1393/2007 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 9): “os ensinos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral (...) orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional”.
- MESTRADO (art. 10): entre os posibles fins dos ensinos de Mestrado figura “promover a iniciación en tarefas investigadoras”.
- DOUTORAMENTO (art. 11): os estudos de doutoramento deben conducir a “a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade”.

De igual xeito, comprobáronse algunhas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Mestrado universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de Grao da Universidade de Vigo, que permite unicamente a defensa e avaliación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídese o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en formación continua, polo que os estudantes do Grao en Dereito con algunha materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao mestrado universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

“formación continua”, como calquera outro estudante matriculado no Mestrado—áinda que con algunhas limitacións—, desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en “fin de carreira”, converter a súa matrícula en “formación continua” nunha matrícula ordinaria no Mestrado.

C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2017/18

1. 2017GDO06: Elaborar una guía obxectiva o rúbrica para a avaliación do TFG.

A rúbrica para a avaliación do TFG, en desenvolvemento do Anexo V Protocolo de avaliación do Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao, foi proposta como acción de mellora para o curso 2017/2018. A rúbrica foi validada pola Comisión de calidade na súa reunión de 27/02/2018. O Protocolo de avaliación e a súa rúbrica teñen por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de Grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretende desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV do Regulamento, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.

2. 2017GDO10: Habilitar un novo prazo de defensa do TFG no mes de setembro exclusivamente para o alumnado con persoa titora e proposta temática asignados no curso anterior

Esta acción de mellora formulouse para adiantar a convocatoria de fin de carreira aos estudantes aos que só lles restase a materia TFG para obter o título de Graduado/a en Dereito para que, se desexan incorporarse ao Mestrado universitario en Avogacía, non atopen obstáculos que lles obriguen a perder un curso e non poder encadear os seus estudos de Grao cos seus estudos de Mestrado.

Na reunión da Xunta de Facultade de 31 de marzo de 2017 acordouse habilitar un primeiro prazo de defensa de TFGs na convocatoria fin de carreira no calendario académico da Facultade curso 2017-2018 (25 a 29 setembro) unicamente para o alumnado ao que só lle falte a materia TFG para superar os seus estudos de Grao e que xa contase con proposta temática e titor asignado no curso 2016/17. A Comisión Permanente, na súa reunión de 29 de xuño de 2017, acordou os prazos de entrega de solicitudes e defensa pública do TFG para o curso 2017/2018. O primeiro prazo habilitouse xa en setembro de 2017.

D. Outras actuacións de mellora

Outras actuacións de mellora non previstas inicialmente no Plan de melloras do centro, pero acometidas durante o curso 2017/2018 foron as tres seguintes:

1. Previsión nos horarios de 4º curso de dúas sesións presenciais da coordinadora de TFG co alumnado matriculado na materia TFG para proporcionarlles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs:
 - a. Unha primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o protocolo de avaliación..., sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- b. Unha última sesión, próxima á data de defensa, máis orientada aos trámites de solicitude de defensa e ao propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador.
2. Mantemento das notas aclaratorias aprobadas pola Comisión Permanente na reunión de 20 de abril de 2017 en relación co Regulamento e os TFGs:
 - a. Que os TFGs deberán axustarse ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computarán os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, sí se incluírán no número máximo de páxinas.
 - b. Respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.
 - c. Non proceder á gravación do acto de defensa do TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesario para que esta ofrezca as garantías necesarias
 3. Aprobación pola Comisión Permanente na reunión de 26 de xullo de 2017 do acordo de manter, con carácter xeral e non só para o curso 2018/2019, a titorización e a proposta temática dos Traballos de Fin de Grao asignada nos cursos anteriores para o alumnado que se presente ao primeiro prazo (setembro) ou ao segundo prazo (novembro) dos períodos de defensa habilitados en cada curso académico.

E. Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2017/2018

		2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	
Datos comparativos						
Estudantes matriculados		56	58	90	68	
Estudantes presentados	Totais no curso académico	46 (+1 suspenso maio/xuño)	35 (32 aprobados + 3 suspensos)	53 (+4 suspensos FC)	35	
	Convocatoria fin de carreira	7	4	14	1º set	3
					2º nov	6

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

	Convocatoria maio/xuño		23	10	29	12
	Convocatoria xullo		17	21	14	14
Cualificacións	Globais por curso académico	MH	1	0	4	0
		Sb	3	9	15	6
		N	20	11	18	18
		A	22	12	16	11
		Susp	1	3	4	0
	Convocatoria fin de carreira	MH	0	0	0	0
		Sb	0	0	1	0
		N	3	2	1	1 set + 3 nov
		A	4	1	8	2 set + 3 nov
		Susp		1 (aprobado en xuño 2017)	4 (aprobados en maio/xuño ou xullo 2017)	0
	Convocatoria maio/xuño	MH	1	0	2	0
		Sb	2	3	10	2
		N	9	3	11	7
		A	10	4	6	3
		Susp	1 (aprobado	0	0	0

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

		en xullo 2015)			
Convocatoria xullo	MH	0	0	2	0
	Sb	1	6	4	4
	N	7	6	6	7
	A	8	7	2	3
	Susp	0	2	0	0

F. Propostas de mellora para o curso 2018/2019

A comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de Grao para conseguir elevar a taxa de graduación da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a teor do art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo. Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de Grao da Universidade de Vigo “o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes ao propio TFG”; de forma que, nas titulacións de Grao da Universidade de Vigo, se un estudante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia TFG. Existe a posibilidade de que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de Grao sexa obxecto de avaliación por compensación de acordo coa normativa da Universidade de Vigo para a avaliación por compensación de estudantes de Grao.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de Grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de traballo que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páxinas e caracteres do traballo, a elaborar un acta na que se avalíen adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo e unha rúbrica de avaliación co obxecto de proporcionar ao estudiantado e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de Grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recollidos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), coa finalidade de achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometeuse, a través do Informe de seguimento do curso pasado, unha modificación dos resultados de aprendizaxe previamente acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Con todo, á luz dos datos que se obteñan no presente curso académico e se analicen na comisión de calidade no primeiro trimestre do vindeiro curso, continuarase avanzando no marco do proceso de mellora continua, se se estima necesario, noutras propostas de accións de mellora que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

En particular, tras a modificación do art. 8 do Regulamento para a realización do Traballo de fin de grao da Universidade de Vigo no Consello de Goberno de 13 de novembro de 2018, e a inclusión dos artigos 8 bis e 8 ter, que entrarán en vigor o curso 2018/2019, se permite aos centros, en materia de avaliación e cualificación dos traballos, optar por un sistema de tribunal unipersoal, de tribunal colexiado ou mixto. De acordo co Regulamento de Réxime interno da Facultade de Dereito as propostas de modificacións da normativa da Facultade teñen que ser presentadas á Xunta de Facultade para a súa toma en consideración, ben pola decana ou ben por un 25% dos membros da Xunta. Non obstante, parece razoable propor como acción de mellora para o curso 2018/2019 a apertura dun prazo para a presentación de propostas articuladas e motivadas de modificación do Regulamento para elaborar o Traballo de fin de grao en Dereito para o curso 2019/2020 para optar pola avaliación e cualificación dos traballos por un sistema de tribunal unipersoal ou mixto, para a súa discusión e, no seu caso, toma en consideración pola Xunta, sen necesidade do aval do 25% dos membros. Se non se presentan propostas entenderase que existe consenso na Facultade co sistema de avaliación mediante tribunal colexiado existente na actualidade. Loxicamente, sen prexuízo de que fóra dese prazo tamén puidesen presentarse propostas seguindo o procedemento establecido nos arts. 36 e ss. do Regulamento de Réxime interno, se a proposta preséntaa un 25% dos membros da Xunta.

4.1.7. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo

Co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xordan e establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os dous centros (Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo), durante o curso académico 17/18 celebrouse unha reunión presencial deste tipo o 4 de xullo de 2018, se ven, mantivéronse varias reunións vía telefónica/correo electrónico/whatsapp entre ambos coordinadores). Nesta reunión presencial abordáronse os seguintes temas:

- a) Analizar o estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao propostas para o curso 2017-2018 e adopción de acordos respecto da planificación do traballo a realizar para a execución das que aínda non foran implantadas.
- b) Comentar as incidencias detectadas na elaboración das guías docentes por se dan lugar a modificación na memoria ou melloras para o curso 2018-2019.

4.1.8. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito

- Durante o curso académico 17/18 celebrouse unha reunión o 14/06/2018 coa seguinte orde do día:
 - a) Validación, se procede, en relación cos procedementos de asignación da materia optativa de ADE ou de Dereito de 5º curso.
 - b) Toma de decisións, se procede, en relación coas materias Traballo de fin de grado en Dereito e Traballo de fin de grado en ADE, de 5º curso.
 - c) Toma de decisións, se procede, en relación coa procura de coordinación para evitar solapamentos entre probas de avaliación continua e probas finais.
 - d) Toma de decisións, se procede, en relación co acto de graduación da primeira promoción do PCEO ADE-Dereito
 - e) Informe das Sras. Coordinadoras dos graos en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico.

4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade

A Comisión de Calidade da Facultade de Dereito desenvolveu, entre outras, as seguintes accións en relación coa coordinación:

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- 2/10/2017
 - a) Valídanse os informes de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía.
 - b) Aprobación da axenda básica para o desenvolvemento de programas de calidade do centro para o primeiro cuadrimestre do curso 2017/2018.
 - c) Aprobación da realización do Curso de Actualización Xurídica.
 - d) Acórdase incluír na web da facultade ao PDI vencellado a grupos de investigación do centro.
- 24-1-18
 - a) Aprobación da axenda básica para o desenvolvemento de programas de calidade do centro para o segundo cuadrimestre do curso 2017-2018.
 - b) Aprobación dos resultados das enquisas de avaliación docente correspondentes ao curso 2016-17 e do informe de resultados de PDI.
 - c) Aprobación dos resultados das enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado correspondentes ao curso 2016/2017 e do informe de resultados de avaliación.
 - d) Aprobación dos resultados de taxas académicas correspondentes ao curso 2016/2017 e do informe de resultados do alumnado que pasará a denominarse informe de resultados académicos.
 - e) Aprobación do informe sobre QSP do curso 2016/2017.
 - f) Análise das incidencias detectadas no seguimento e control da docencia ou da avaliación e adopción de medidas para garantir o axeitado cumprimento das obrigas docentes.
 - g) Validación das modificacións no regulamento de prácticas externas do Mestrado universitario en avogacía.
 - h) Validación da proposta de modificación das instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito.
- 27-2-18
 - a) Validación das propostas de modificación na memoria de graduado/a en Dereito que poden acometerse a través do seguimento do título do curso 2016/2017.
 - b) Validación do informe de revisión do sistema pola dirección, que inclúe as propostas de mellora para o curso 2017/18 e o seguimento dos títulos adscritos ao centro.
 - c) Acórdase manter as metas correspondentes aos obxectivos de calidade do centro un curso académico máis.
 - d) Valídase a rúbrica correspondente ao TFG coa pretensión de que o alumnado e os membros do tribunal teñan uns criterios máis obxectivos para a valoración, ter claro o que deben avaliar en cada un dos ítem. Na avaliación pormenorizada hai catro ítems. O anterior é saber se houbo plaxio, o uso de linguas estranxeiras e o traballo en equipo.
- 6-6-18
 - a) Validación da actualización do plan operativo de información pública.
 - b) Acordo para manter o actual plan de promoción do centro.
 - c) Validación do programa e data de celebración do curso cero, do curso 3.5 e da xornada de acollida do Mestrado universitario en avogacía.
 - d) Aprobación do informe de seguimento do PAESU correspondente ao curso 2017/2018 e proposta do PAESU para o curso 2018/2019.
 - e) Validación do informe de seguimento da certificación do sistema de garantía de calidade da Facultade de Dereito.
 - f) Seguimento do plan de melloras do centro e por en funcionamento ou aplicar métodos, medidas etc., en relación as melloras que non se puideron acometer.
 - g) Acordo para a elaboración dun informe coas principais incidencias relativas á docencia.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito**4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade**

No curso 2017/2018 desenvóléronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas:

CURSO 0: INTRODUCCIÓN AOS ESTUDOS DE DEREITO
DATA: 4 DE SETEMBRO DE 2017
LUGAR: AULA CONCEPCIÓN ARENAL DA FACULTADE DE DEREITO

XORNADA DE ACOLLIDA MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA
DATA: 22 DE SETEMBRO DE 2017
LUGAR: SALA DE VIDEOCONFERENCIA FACULTADE DE DEREITO.

ORIENTA IURIS "II FEIRA DE EMPREGO XURÍDICO DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL"
DO 25 DE SETEMBRO AO 27 DE OUTUBRO DE 2017

XORNADAS SOBRE A DIMENSIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO SALARIO, OS NOVOS SISTEMAS RETRIBUTIVOS
DATA: 29 DE SETEMBRO 2017
LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO- EMPRESARIAL

PENSAR EL CINE IX: SEXUALIDAD, MULLER E IGUALDADE
DATA: DO 4 AO 15 DE OUTUBRO 2017
LUGAR: AULA MAGNA FACULTADE DE DEREITO

XORNADAS SOBRE FEMINISMO E TEORÍA DO DEREITO
DATAS: 19 E 26 DE OUTUBRO 2017
LUGAR: FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE E CAMPUS DE VIGO)
CHARLAS-COLOQUIO SOBRE O PARLAMENTO DE GALICIA
DATA: LUNS 6 NOVEMBRO 2017
LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO- EMPRESARIAL

CURSO DE ACTUALIZACIÓN XURÍDICA 2017/2018
DATA: DO 3 NOVEMBRO DE 2017 AO 25 MAIO DE 2018
LUGAR: SALÓN DE GRAOS/SALA DE XUNTAS DO DECANATO

LIGA DE DEBATE
DATA: ÚLTIMA SEMANA DE NOVEMBRO. DEBATES FINAIS: 14 E 15 DE DECEMBRO DE 2017.
LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA: DERECHO DE DEFENSA Y PRESUNCIÓN DE INOCENCIA.
DATA: 3 DE NOVEMBRO
LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

CONFERENCIA: PROTECCIÓN DE DATOS E TRANSPARENCIA.
DATA: 3 DE NOVEMBRO 2017
LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

II SEMINARIO-TALLER: LITERATURA E DEREITO "ESTADO, ADMINISTRACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS NA NARRATIVA CONTEMPORÁNEA"
DATA: 10 DE NOVEMBRO DE 2017

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

SEMINARIO DE DEREITO E MEDICINA

DATA: 11 DE DECEMBRO 2017

LUGAR: SALA DE XUNTAS DO DECANATO

CONFERENCIA INAUGURAL DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO DO CAMPUS DA AUGA: BONDADES DA ROTURA DE FRONTEIRAS NA CREACIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA

DATA: 15 DE DECEMBRO DE 2017

LUGAR: SALÓN GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

CURSO 3.5. ORIENTACIÓN ACADÉMICA PARA ESTUDANTES DE 3º CURSO DE GRAO EN DEREITO E DE 4º CURSO DO PCEO ADE-DEREITO

DATA: 22 DE XANEIRO DE 2018

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

XORNADAS DEREITO Á INTIMIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS NO ÁMBITO LABORAL

DATA: 11 DE ABRIL 2018

LUGAR: SALÓN GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

I XORNADA "MULLER E PROCESO"

DATA: 18 e 26 DE ABRIL 2018

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA: "PROBA PRECONSTITUÍDA E PROBA ANTICIPADA"

DATA: 26 ABRIL 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

CONFERENCIA: "A PRÁCTICA ACTUAL DO DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO EN ESPAÑA: A LOITA CONTRA OS CARTÉIS"

DATA: 8 DE MAIO 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

CONFERENCIA: "A FUNDACIÓN VICENTE FERRER E A LOITA CONTRA A POBREZA NA INDIA" A TÚA GOTA APORTA

DATA: 22 DE MAIO 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

I ENCONTRO INTERNACIONAL SOBRE ARGUMENTACIÓN E CONFLITO DE DEREITOS

DATA: DO 23 AO 25 DE MAYO DE 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

4.2.3. Actuacións de promoción do centro.

Ao longo do curso 2017-18 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro, dentro do mencionado Plan de promoción, entre as que destacan as seguintes relativas ao Grao en Dereito e PCEO:

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Celebración do Curso Cero. O día 4 de setembro de 2017 celebrouse o denominado “Curso Cero”, destinado a facilitar ao alumnado de novo ingreso o tránsito e adaptación ao ámbito universitario, presentando o Grao en Dereito e dándolles a coñecer os instrumentos postos á súa disposición por parte de Facultade
Obxectivos:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Celebración da II Feira de Emprego Xurídico de Galicia e Norte de Portugal. Orienta Iuris, unha Feira de emprego especializada no ámbito xurídico en Galicia e norte de Portugal, que se concibe como un punto de encontro no que estudantes, titulados/as e profesionais do mundo do Dereito poidan compartir experiencias, interrelacionarse e mellorar as posibilidades de acceso ao mercado laboral. Este evento, organizado pola Facultade de Dereito do Campus de Ourense, celebrou a súa segunda edición co principal obxectivo de fomentar a empregabilidade do estudiantado e a realización de prácticas preprofesionais. Orienta Iuris estruturouse en tres bloques de actividades:
 - Taller virtual: A través dun obradoiro virtual, entre o 25 de setembro e o 5 de outubro, no que os asistentes aprenden a elaborar o seu cv e a deseñar estratexias para a busca activa de emprego.
 - Foro de emprego: Actividades participativas como micro-charlas, debates e mesas redondas (celebrado o 6 de outubro) que axudan ao estudiantado a definir o perfil profesional que resulte máis axeitado ás demandas reais do mercado laboral e a coñecer experiencias vividas por profesionais do sector.
 - Feira de emprego: o día 27 de outubro, na Feira de emprego xurídico, ademais de mesas redondas con ex alumnos/as da Facultade, hai unha zona de expositores, onde as entidades colaboradoras poden presentar os seus programas de formación e carreira, comezar os seus procesos de selección e desenvolver sesións de networking.
Pola súa banda, o alumnado e titulados/as de Dereito pode achegarse a estes espazos para coñecer a oferta existente, presentar os seus currículos e manter entrevistas de traballo.
- Celebración do curso 3.5. O Curso de Orientación académica, para estudantes de terceiro curso do Grao en Dereito e cuarto do PCEO ADE-Dereito, celebrouse o luns 22 de xaneiro de 2018 na aula Magna da Facultade de Dereito. Os seus obxectivos son facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral; presentar ao alumnado información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao; e dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

4.2.3.1. Actuacións desenvolvidas durante o curso 2017-18 para a promoción do centro e das súas titulacións:

- En centros de educación secundaria e bacharelato e de Formación Profesional da provincia:
Remisión, no mes de maio de 2018, dun correo electrónico con información sobre as titulacións de Grao do centro (perfil de ingreso, plan de estudos, perfil de egreso) aos orientadores/as de ensino secundario e centros de FP da provincia, coa finalidade de darlles a coñecer a nosa oferta formativa e promocionar o Centro entre o seu alumnado.
- Xornadas de portas abertas: con motivo da celebración do Día Mundial da Auga, o Campus Universitario de Ourense Campus da Auga, celebrou o mércores 22 de marzo, unha xornada de portas abertas dirixida a estudantes de Educación Secundaria e Bacharelato das provincias de Ourense e Pontevedra.
- O obxectivo foi orientar aos estudantes sobre o seu futuro universitario, e dar a coñecer a investigación que se está a realizar no marco do Campus da Auga. Neste sentido, a Decana da Facultade de Dereito participou presentando as diferentes titulacións e as saídas profesionais.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Organización de actividades múltiples: conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novidades, folletos e Carteis informativos que poden consultarse na páxina web da Facultade na ligazón de actualidade -<http://dereito.uvigo.es/es/actualidad> e <http://dereito.uvigo.es/gl/actualidade->. (figuran no apartado anterior).

4.2.3.2. Promoción internacional do centro: basicamente a través do profesorado, PAS e alumnado que realiza estancias en Universidades estranxeiras.

- No relativo ao PDI, tres profesores realizaron estancias en catro universidades europeas durante un periodo medio de sete días.
- No relativo ao PAS, en este curso académico non se realizaron estancias.

4.2.3.3. Revisión e actualización da sección alumnado da web da Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso.

En concreto, información precisa sobre:

- 10 razóns para estudar Dereito e facelo no Campus de Ourense
<http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/bienvenida>
- En que consiste o Grao en Dereito? Vídeos do Prof. Roberto O. Bustillo, profesor de Dereito Administrativo e ex decano da Facultade e de D^a. Alba Rodríguez Álvarez, alumna do Grao en Dereito
<http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/orientacion-al-alumnado>
- Estrutura en Mencións: Información detallada sobre o Grao en Dereito e as mencións no título de graduado que oferta a Facultade de Dereito de Ourense: a Mención en Dereito xudicial, máis clásica e xeneralista dentro da especialización, e a Mención en Dereito da UE e desenvolvemento sostible, máis innovadora e cun enfoque supranacional
<http://dereito.uvigo.es/es/estudios/grado-en-derecho-g081/estructura-en-menciones>
- O alumnado opina: Grao en Dereito e PCEO ADE-Dereito. Vídeos promocionais con intervención de dous alumnos do Grao (D^a. Beatriz Pardo Iglesias e D. Alejandro Soriano Rodríguez) e dous alumnos do PCEO (D. Iván Fariñas Álvarez e D^a. Paula Gamallo Carballude)
<http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/orientacion-ao-alumnado>
<https://tv.uvigo.es/video/5b5b4d048f42087c570abb04>

4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora

4.3.1. Actuacións e incidencias máis relevantes

Este informe ten como obxectivo servir de complemento á información en relación co discorrer do Grao que xa consta nos apartados anteriores.

Por orde cronolóxica, indícanse as actuacións e incidencias que se formularon ao longo do curso 2017-2018 no Grao en Dereito, así como as accións de mellora levadas a cabo dende a coordinación:

1. No mes de xuño a decana da facultade remite un correo electrónico ao alumnado dos últimos cursos do Grao e PCEO solicitando a súa colaboración para formar parte do PAT como alumnos titores.
2. O 07/07/2017 solicitouse aos profesores do primeiro cuadrimestre, a entrega do cronograma de actividades das materias a impartir no primeiro cuadrimestre, establecendo como data límite o 20 de xullo de 2017.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

3. O 04/09/2017 celebrouse a Xornada de acollida (Curso Cero) para o alumnado de primeiro curso do Grao en Dereito e do programa conxunto ADE/DEREITO co obxectivo de:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito .
4. O 01/09/2017 enviouse un correo electrónico aos coordinadores das materias que aínda non entregaran os cronogramas de actividades para que os enviasen a maior brevidade posible.
5. O 01/09/2017 enviouse un correo electrónico aos docentes informando sobre a posta en marcha do proceso de planificación das Enquisas de Avaliación Docente EAD do 1º cuadrimestre do curso 2017/2018.
6. O 04/09/2017 enviouse un correo electrónico ao profesorado do Grao indicando o seguinte:
 - Se facedes uso da plataforma Faitic, revisade que a vosa materia está activa neste curso e a información que desexades mostrar ao alumnado. Se detectades calquera incidencia, comunicádemola a través dun correo electrónico á seguinte dirección coord.dereito.ou@uvigo.es
 - Recordade a importancia de seguir escrupulosamente o reflexado nas guías docentes e recoller evidencias da aplicación das distintas metodoloxías de avaliación.
 - Ao longo do curso académico, durante a impartición dunha materia, non se pode variar o método de avaliación indicado na guía docente, aínda que se acade un acordo co alumnado e se consiga a súa aprobación. Hai que axustarse sempre ao indicado na guía docente.
 - O profesorado que imparte unha materia (e o número de horas a impartir) deberá axustarse ao indicado no POD do departamento. Se se producen cambios ao longo do cuadrimestre, deberán reflexarse no POD. No centro, a única información da que dispoñemos oficialmente para saber quen imparte unha materia ou quen é o coordinador, é a indicada no POD. Polo que é necesario que o POD estea actualizado.
 - Segundo o procedemento para o seguimento e o control da docencia, calquera incidencia na docencia teórica ou práctica comunicárase á secretaria do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente, indicando o día da incidencia, o motivo e o día de recuperación da clase, que se acordará previamente co alumnado a efectos de causarlle as menores distorsións posibles na planificación e desenvolvemento das ensinanzas.
7. O 13/09/2017, dende a coordinación, enviouse un correo electrónico aos coordinadores de materias do Grao e PCEO para informarlles da publicación, na web da facultade, do cronograma de actividades das materias a impartir no primeiro cuadrimestre.
8. 17/09/2017: Publícase na web do centro o anexo I do PAT coa asignación de alumnos a profesores.titores/alumnos.titores para o curso 17/18. Ademais, dende a coordinación, enviouse un correo electrónico aos titores do PAT solicitando que convoquen unha primeira reunión cos alumnos titorizados para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. Indícase que a dita reunión deben asistir os estudantes titores.
9. O 18/09/2017 procedeuse a completar as planificacións das Enquisas de Avaliación Docente EAD para aqueles docentes que non a completaron no prazo establecido.
10. O 21/09/2017 celebrouse unha reunión cos estudantes titores para analizar as súas funcións dentro do PAT.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

11. O 25/09/2017 remítese un correo electrónico a todo o estudantado de novo ingreso informando de que van a ser convocados polos seus titores a unha 1ª reunión dentro do PAT.
12. O 24/11/2017 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grao e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as e subdelegados/as de tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión informouse, dende a coordinación, das seguintes cuestións:
- Vaise solicitar ao profesorado a posta en marcha dos cronogramas de actividades do segundo cuatrimestre do curso 2017-2018. Indícase aos delegados que se lles avisará, por e-mail, da súa publicación na web da Facultade e pídeselles que, tras a súa publicación, os revisen para verificar que a carga de traballo das materias atópase repartida equitativamente ao longo do cuatrimestre.
 - Revisión do cumprimento das guías docentes por parte de profesorado e alumnado. Indícase a necesidade de revisar que o profesorado se axuste ao indicado na guía docente, o que implica que o alumnado coñeza todo o reflectido en dita guía.

E recóllense os seguintes comentarios por parte dos alumnos:

- As/os delegadas/os indican que a nota media do TFG se calcula sen ter en conta o número de suspensos. O alumnado considera que se debería ter en conta o número de créditos e nº de convocatorias esgotadas en cada materia.
Acórdase que o alumnado presente unha queixa ante a Directora de Área de Grao sobre o cálculo da media. Acórdase tamén indagar, dende o decanato, cómo se calculan as notas medias.
 - As delegadas de 3º curso do Grao e PCEO indican que na materia D. Mercantil I a profesora titular está de baixa e os profesores encargados de impartir a docencia desta profesora incorporáronse dúas semanas despois (durante estas dúas semanas ao alumnado non recibiu docencia nin teórica nin práctica nesta materia). Debido ao retraso na impartición da docencia, o profesorado sustituto está a intentar avanzar na impartición da materia teórica facendo uso do grupo grande e dos grupos prácticos. Esta situación preocupa ao alumnado debido a que a guía docente indica que un 40% da nota final corresponde a parte práctica da materia.
Indícaselles que se falará co profesorado para intentar que se siga o reflexado na guía docente.
 - As delegadas de 3º curso preguntan que pasa cando a un alumno lle coinciden as datas de dous exames. Se lles indica que o alumnado debe revisar as datas dos exames antes de matricularse para comprobar que non lle coincidan no mesmo día.
 - A delegada de 4º curso indica que no cronograma de actividades se solapan varias probas parciais o mesmo día. Se lle indica que se falará co profesorado para intentar mover algunha destas probas.
Tamén indica a delegada que a profesora Dña. Ana Tobío non cumpre os horarios de finalización das súas clases porque moitas veces termina as clases máis tarde do que lle corresponde, ocupando o tempo da seguinte clase doutro/a profesor/a. Se lle indica que se instará ao profesorado que cumpra os horarios.
 - Os alumnos de 3º do PCEO solicitan poder asistir ás clases do Grao pola mañá. A vicedecana lles explica que no plan de estudos non están as materias no mesmo curso/cuatrimestre. Ademais, a Facultade quere que se consolide o dobre Grao e que se impartan mais horas de docencia polo que non sería viable mezclar nun mesmo grupo os alumnos do Grao e PCEO.
Os delegados piden que logo se impartan o Grao e o PCEO en horario de mañá e tarde, rotando en cada curso académico.
 - Os alumnos de 4º do PCEO solicitan que se lles facilite a elaboración de dous TFGs con temas que estean conectados. Se lles comenta que se intentará que os docentes publiquen liñas de investigación que teñan nexos entre Dereito e ADE.
13. O 24/11/2017 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica co profesorado que ten docencia nas materias do Grao en Dereito e Simultaneidade.
Informouse, dende a coordinación, das seguintes cuestións:

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- En breve, solicitarase, a entrega do cronograma de actividades académicas do segundo cuadrimestre, onde se recolla a planificación do traballo docente, semana a semana, destacando as distintas actividades a realizar de cara á avaliación continua do alumnado e o temario a abordar. A entrega de dito cronograma é obrigatoria.
- Recórdase a importancia de seguir escrupulosamente o reflexado nas guías docentes e recoller evidencias da aplicación das distintas metodoloxías de avaliación. As evidencias recollidas en cada materia deben de ser gardadas por cada coordinador de materia durante tres anos.
- Ao longo do curso académico, durante a impartición dunha materia, non se pode variar o método de avaliación indicado na guía docente, aínda que se acade un acordo cos alumnos e se consiga a súa aprobación. Hai que axustarse sempre ao indicado na guía docente.
- O profesorado que imparte unha materia (e o número de horas a impartir) deberá axustarse ao indicado no POD do departamento. Se se producen cambios ao longo do cuadrimestre, deberán reflexarse no POD. No centro, a única información da que dispoñemos oficialmente para saber quen imparte unha materia ou quen é o coordinador, é a indicada no POD. Polo que é necesario que o POD estea actualizado.
- Segundo o procedemento para o seguimento e o control da docencia, calquera incidencia na docencia teórica ou práctica comunicárase á secretaría do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente, indicando o día da incidencia, o motivo e o día de recuperación da clase, que se acordará previamente co alumnado a efectos de causarlle as menores distorsións posibles na planificación e desenvolvemento das ensinanzas.
- Por outro lado, indícase ao profesorado que ante a solicitude do alumnado ou a necesidade dun profesor, de cambiar a data ou hora de impartición dunha clase, debe avisarse a todo o alumnado.
- A coordinadora solicita que, ante a baixa por enfermidade dun profesor, e mentres non se nomee ao profesor substituto, o profesorado da área se faga cargo de impartir as clases.
- Pregúntase ao profesorado se detectou carencias nos contidos das materias. O profesorado, en xeral, cree que non hai carencias nos contidos. Acórdase que en cada área se trate o tema dos contidos das materias para detectar posibles carencias e, se se detectan, se notifiquen ao decanato ou coordinación.
- Acórdase que a coordinadora manteña unha reunión coa delegación de alumnos para preguntar se detectan carencias nos contidos entre materias.

Os profesores comunican á coordinación o seguinte:

- A profesora Dna. Susana Álvarez solicita que se pida ao alumnado que cumplan os horarios de inicio e finalización das clases a hora de entrar e saír da aula.
- Tras as queixas dalgúns profesores sobre a forma de elaborar o TFG, acórdase que a vicedecana de organización académica se reúna/envíe un correo electrónico o alumnado de 4º curso para indicarlles:
 - Que teñan clara a normativa de elaboración do TFG
 - O director do TFG é un titor para orientar o alumno, non para ler calquera redacción do alumnado sen revisar.
 - Se o titor fai correccións, o alumno debe telas en conta e aplicarlas no TFG.
 - Non se pode entregar ao titor o TFG na última semana.

Acórdase informar destas cuestións ao alumnado na reunión que a coordinadora do TFG mantén cos alumnos matriculados nesta materia, a principios do 2º cuadrimestre.

14. O 19/01/2018 informouse, dende a coordinación, aos profesores do segundo cuadrimestre, sobre a posta en marcha do proceso de planificación das Enquisas de Avaliación Docente EAD, establecendo como data límite o 7 de febreiro para introducir a proposta de datas de realización das enquisas, e indicando que, pasada esa data, se o profesorado implicado non introduce ningunha data será a coordinadora a que introduza as datas de realización das enquisas.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

15. O 19/01/2018 enviouse, dende a coordinación, un correo electrónico aos delegados/as informando que xa estaban publicados, na web da facultade, os cronogramas de actividades das materias a impartir no segundo cuadrimestre e solicitando que se revisase si existe sobrecarga de traballo en algunha semana para transmitirlo o profesorado e valorar a posibilidade de modificar os cronogramas.
16. O 19/01/2018 enviouse, dende a coordinación, un correo electrónico aos profesores do segundo cuadrimestre, informando que xa estaban publicados, na web da facultade, os cronogramas de actividades das materias a impartir no segundo cuadrimestre, e solicitando os cronogramas que non foran aínda entregados.
17. O 22/01/2018 organizouse, o curso 3.5, fundamentalmente destinado a alumnos de terceiro curso do Grao en Dereito e de cuarto do PCEO. Os obxectivos deste curso son:
- Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de Mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.
 - Presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao: TFG, posibilidades de obter una mención no título, etc..
 - Dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Os temas abordados foron os seguintes:
- Prácticas extracurriculares e emprego. D.^ª Sandra Morales. FUVI.
 - A optatividade e a estrutura en Mencións. Prof.^ª Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
 - A organización da materia optativa Prácticas externas. Prof.^ª Dra. Susana Álvarez González. Coordinadora da materia Prácticas externas do Grao en Dereito.
 - O Traballo fin de Grao. Prof.^ª Dra. Marta Fernández Prieto. Coordinadora da materia TFG.
 - A mobilidade do estudantado no estranxeiro. Prof.^ª Dra. M.^ª Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais da Facultade de Dereito.
 - Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Mestrado universitario en avogacía. Prof.^ª Dra. M.^ª Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Mestrado universitario en avogacía da Facultade de Dereito.
18. O 19/01/2018. Dende a coordinación do Grao e Simultaneidade enviouse un correo electrónico aos titores do PAT solicitando que se convoque unha reunión para o seguimento dos estudantes titorizados.
19. O 16/03/2018. celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grao e da Vicedecana de Organización Académica cos delgados/as e subdelegados/as de todos os cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión a coordinadora informa sobre:
- Docencia das materias:
 - Introducción ao dereito civil e dereito da persoa
 - Dereito civil II
 - Dereito de danos e responsabilidade civil
 - Análise das carencias (ou exceso) de contidos das materias do Grao
20. O 02/04/2018 celebrouse unha reunión co profesorado das materias da área de Dereito Civil:
- Introducción ao dereito civil e dereito da persoa
 - Dereito civil II
 - Dereito de danos e responsabilidade civil
- para comentar a situación na que se atopan estas materias tras a baixa por enfermidade do profesor titular.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

21. O 20/04/2018 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grao e da Vicedecana de Organización Académica cos delgados/as e subdelegados/as de tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión recolléronse as seguintes incidencias relativas á docencia transmitidas polo alumnado:

- Comezan os representantes dos alumnos matriculados nas materias que impartía o profesor D. Fernando de Franco (de baixa por enfermidade) comentando que o alumnado está preocupado porque descoñecen quen será o profesor/a encargado de elaborar e corrixir os exames das distintas materias da Área de Dereito Civil. A vicedecana de organización académica lles indica que o departamento de Dereito privado nomeará a un profesor/a titular da área, dado que un profesor invitado non está autorizado para corrixir os exames.

- A delegada de 4º curso indica que na materia Dereito de danos e responsabilidade civil xa terminaron de impartir o contido. No que queda de cuadrimestre realizarán casos prácticos. Deste xeito, en cada clase, ao rematar o caso práctico, o alumnado pode abandonar a aula (sen cumprir o horario oficial). A vicedecana indica que debe de terse en conta que a profesora invitada, encargada de cubrir toda a docencia do profesor D. Fernando de Franco, no contou con tempo suficiente para preparar a docencia dunha maneira axeitada.

De todos modos, evidenciase que non se está a cumprir o cronograma de actividades.

Por indicación do alumnado, pedírase acceso a Fatic para a profesora encargada da docencia.

- Os alumnos de 2º curso indican de novo (xa se indicara nunha reunión previa) que o contido da materia “Sistema xudicial español e proceso civil” é moi extenso. A vicedecana sinala que non existe forma de reducir a docencia ou traspasala a outra materia.

- A delegada de 3º curso do PCEO queixase de que, na última semana do cuadrimestre, lles coinciden os exames parciais de ADE cos exames finais de Dereito. Solicitan maior coordinación entre centros para que, polo menos, transcorran 24 horas entre exames. A vicedecana lles indica que, dado que o período de exames é moi corto, non sería posible que non existiran coincidencias no mesmo día entre os exames de ambas as dúas Facultades, e lles pide que teñan en conta que están a cursar unha dobre titulación, impartida por dúas Facultades. Tamén se lles recorda que a proposta do calendario de exames de Dereito se remite, dende o decanato, á delegación de alumnos para a súa revisión. A delegada indica que no caso da Facultade de Empresarias e Turismo non se lles remite dito calendario de exames. A coordinadora lles indica que se intentará, en colaboración coa coordinadora de ADE, revisar os cronogramas de actividades para intentar evitar, na medida do posible, solapamentos de probas. Tamén se lles indica que debe de ser a delegación de alumnos á que solicite o calendario de exames de ADE.

Solicita tamén que poida asistir un alumno/a á reunión de coordinación da dobre titulación. Se lle indica que na última reunión que se convocou dende o decanato de Dereito, se convidou a un representante do alumnado para que así poidese expor ante os dous centros as queixas do alumnado pero que dito alumno non participou en toda a reunión.

- Os alumnos queixanse de que nalgúns materias os exames parciais non son eliminatorios e poden verse prexudicados fronte os alumnos que non escollen a avaliación continua. Solicitan que os exames ou probas parciais só sumen con respecto a nota final, non inflúa negativamente na nota do exame final.
- Os alumnos manifestan que nos exames orais dalgúns materias non se establece, de antemán, unha quenda de intervención e un alumno pode estar a esperar todo o día na Facultade para ser chamado o exame e finalmente ter que volver ao día seguinte. Solicitan que o profesorado estableza intervalos de tempo para citar ao alumnado ao exame.
- Tamén se cuestionan se os exames orais deberían ser gravados. Dende a coordinación indícaselles que deberían gravarse para garantir a posibilidade posterior de revisión.
- A delegada de 4º curso do Grao solicita que se realice a asignación do TFG no primeiro cuadrimestre. E que se teñan en conta as convocatorias consumidas á hora de calcular a nota media do expediente do alumno. A vicedecana indica que a nota media do expediente a proporciona ao reitorado e que o decanato non pode cambiar a forma de obter dita nota.
- O alumnado de todos os cursos expoñen a súa preocupación porque en varias materias se está facilitando que o alumnado copie dado que o profesorado ou abandona a aula ou non vivía, e non impide o uso de dispositivos móbiles, etc.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Os alumnos esixen un maior control. Acórdase levar á Comisión de Calidade:
 - esixir ao alumnado, a hora de facer un exame, levar o pelo recollido
 - volver a prantexar a instalación de inhibidores.
- Os alumnos tamén se queixan de que nalgunhas materias no se aplican uns criterios obxectivos á hora de corrixir os traballos, exames, probas, etc. dándose o caso de alumnos que teñen superado un exame o entrega dun traballo que realmente non realizaron ou de exames nos que o profesorado non corrixiu todas as preguntas do exame. Tamén solicitan que o horario de revisión de exames se fixe nun horario que non coincida co horario de clases do alumnado que realizou dito exame.
- Tamén se queixan de que, en algunhas materias lles obrigan a comprar un determinado libro ou manual que despois non usan.
- Na materia de D. Procesual penal, os alumnos indican que nos existe coordinación entre os distintos docentes o que prantexa problemas a hora de impartir a docencia e realizar o exame dado que non coinciden os contidos.

22. O 27/4/2017 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica co profesorado con docencia nas materias do Grao en Dereito e Simultaneidade.

Informouse, dende a coordinación, das seguintes cuestións:

- Durante este curso académico, parte do profesorado contactou coa coordinadora do Grao por algún destes motivos:
 - - As horas ou materias que tiñan asignadas na aplicación que permite ao profesorado introducir a planificación das enquisas de avaliación docente (EADs) non coincidían coa docencia que se está impartindo neste curso
 - - Nas actas e/ou na guía docente, figuran profesores que realmente non imparten a materia.

Todos estes problemas débense a que, en algúns departamentos, logo da aprobación inicial dunha primeira versión do POD, realizáronse unha ou varias modificacións de dito POD e non se actualizou XesCampus.

Tanto a aplicación que utilizan os profesores para elaborar as guías docentes (DOCNET) como a secretaría Virtual (seix.uvigo.es) obteñen os datos relativos á docencia de Xescampus, de aí a importancia de que en Xescampus os datos estean actualizados.

No caso de DOCNET, os datos do POD recóllense de Xescampus antes do verán (antes de que se abra o prazo para elaborar as guías docentes). Se, pasada esa data, cambia o POD dun departamento, o profesorado debe notificalo a coordinadora do Grao e, mentres non se peche a aplicación DOCNET (a mediados de Xullo) pódense cambiar os datos do profesorado asignado a unha guía docente.

Por tanto, é moi importante que se nun departamento se realiza unha modificación no POD, se actualicen os datos do POD en XesCampus.

Ademais, débese de informar ao decanato desta Facultade para que este teña a información actualizada dado que é a información que manexa a coordinadora na revisión das guías docentes ou revisión da planificación das enquisas de avaliación docente.

O profesorado solicita que a empresa encargada de facer as EADs informe ao profesorado das datas e horas na que se realizarán as enquisas.

- Solicitouse ao alumnado que indique se existen carencias ou solapamentos nos contidos das materias. Estamos agardando a resposta do alumnado.
- É necesario analizar se se detectaron problemas de organización temporal das materias no plan de estudos dado que nas enquisas de satisfacción do alumnado, a pregunta relativa á organización temporal obtén unha puntuación moi baixa. A coordinadora do Grao pregunta ao profesorado se consideran necesario mover de cuadrimestre algunha materia. O profesorado indica que non detectou a necesidade de facer ningún cambio de ubicación de materias no plan de estudos.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Calquera cambio no horario ten que ser autorizado polo decanato, aínda que se houberse acordado co alumnado.
 - O alumnado, en xeral, queixase do largo período de tempo que transcorre dende que se realiza un exame parcial ou entrega dun traballo ata que se publican as notas, o que lles prexudica á hora de decidir se continúan coa avaliación continua ou non. Dende a coordinación solicítase ao profesorado que se intente reducir ditos prazos.
 - Os alumnos queixanse de que nalgúns materias os exames parciais non son eliminatorios e poden verse prexudicados fronte os alumnos que non escollen a avaliación continua. Solicitan que os exames ou probas parciais só sumen con respecto a nota final, pero non inflúan negativamente na nota do exame final. O profesorado indica que os alumnos poden decidir se se acollen a avaliación continua ou non e, polo tanto, non creen que se prexudique ao alumnado.
 - Os alumnos manifestan que nos exames orais de algunhas materias non se establece, de antemán, unha quenda de intervención e un alumno pode estar a agardar todo o día na Facultade para ser chamado ao exame e finalmente ter que volver ao día seguinte. Solicitan que o profesorado sinala intervalos de tempo para citar ao alumnado ao exame. Os profesores consideran que non é fácil establecer esas quendas dado que non se coñece de antemán o número de alumnas/os que se presentarán á proba, nin o tempo que necesitará cada alumna/o para dita proba oral.
 - Tamén se cuestionan se os exames orais deberían ser gravados. Dende a coordinación se lles indica que deberían gravarse para garantir a posibilidade de posterior revisión.
 - Os alumnos de todos os cursos expoñen a súa preocupación porque en varias materias se está facilitando o que o alumnado copie dado que o profesorado ou abandona a aula ou non vixía e non impide o uso de dispositivos móbiles, etc. Dende o decanato rógase que se extremen as precaucións para evitar que o alumnado utilice distintos medios para copiar.
Indícase que está prohibido instalar inhibidores nas aulas. E acórdase analizar a posibilidade de recurso a outros mecanismos que impidan o uso de dispositivos móbiles e/ou electrónicos durante os exames.
Tamén se acorda requirir ao alumnado que durante a proba deixen os seus móbiles e outros dispositivos electrónicos na mesa do profesor ou xunto cos seus efectos persoais. Tamén se acorda enviar un correo electrónico ao alumnado recordándolles que non se pode asistir ós exames con ditos dispositivos ou deben de depositarse na mesa do profesor/a.
 - Os alumnos tamén se queixan de que en algunhas materias non se aplican uns criterios obxectivos á hora de corrixir os traballos, exames, probas, etc. dándose o caso de alumnos que teñen superado un exame ou entrega dun traballo que realmente non realizaron ou de exames nos que o profesorado non corrixiu todas as preguntas do exame. Tamén solicitan que o horario de revisión de exames se fixe nun horario que non coincida co horario de clases do alumnado que realizou dito exame.
 - Rógase ao profesorado que a elaboración do cronograma de actividades non sexa un mero trámite e se elabore tendo en conta a realidade da docencia que se vai impartir. O profesor D. Roberto Bustillo solicita que se poida incluír o cronograma no apartado de "Outros comentarios" dentro do apartado de Avaliación das guías docentes. A decana indica que non é posible, entre outras cousas porque as guías se aproban en Xullo e nesa data descoñécese o calendario do seguinte ano natural, necesario para elaborar o cronograma do segundo cuatrimestre.
- 23.** O 14/06/2018 celebrouse unha reunión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO), onde, tras aprobar a acta da sesión anterior (22/06/2017), se abordaron os seguintes puntos:
- Validación, se procede, en relación cos procedementos de asignación da materia optativa de ADE ou de Dereito de 5º curso:
O alumnado debe elixir unha materia optativa de unha das dúas titulacións. No Grao en ADE poden elixir entre calquera materia optativa. No Grao en Dereito existe un procedemento para elixir as materias optativas, onde se fixa un número máximo de alumnos por materia optativa.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Na Facultade de Dereito, resérvase un número máximo de 10 prazas para os alumnos do PCEO en todas as materias optativas, excepto en Prácticas externas, na que o número máximo de prazas é de 3.

Destácase que o alumnado debe de ter en conta que determinadas materias optativas se imparten en horario de tarde.

Acórdase validar os procedementos de asignación da materia optativa do PCEO do Grao en ADE e do Grao en Dereito de 5º curso.

- Toma de decisións, se procede, en relación coas materias Traballo de fin de Grao en Dereito e Traballo de fin de Grao en ADE, de 5º curso.

A decana da Facultade de Dereito indica que a Xefa de Área de estudos de Grao preguntou se se vai a nomear a un/unha coordinador/a da materia de TFG (que ten códigos distintos en cada Grao). Acórdase que en cada facultade exista un/unha coordinadora da materia TFG correspondente a súa titulación e que o procedemento de asignación da persoa titora, da proposta temática e do tribunal avaliador sexa o da respectiva titulación.

Débase ter en conta as datas de celebración dos procesos de defensa dos TFGs en ambos centros para que non coincidan no mesmos días.

Dado que no Grao en ADE cada período de defensa é de dous días e en Dereito é dunha semana, acórdase o seguinte:

- a) O decanato da Facultade de Ciencias Empresarias debe comunicar ao decanato da Facultade de Dereito as datas de defensa dos seus TFGs, reservando o primeiro día para a defensa dos TFGs dos alumnos do PCEO.
- b) O tribunal de defensa dos TFGs do Grao en Dereito deben ter en conta esta data de defensa dos TFGs do Grao en ADE para non convocar ao alumnado do PCEO nesa data.

Para o curso 18/19 as datas nas que os alumnos do PCEO poderán defender o TFG do Grao en ADE serán o 13 de xuño e o 18 de xullo.

En relación coa elaboración dos TFGs, o alumno poderá elixir dous temas que estean relacionados, se así o desexan. Para facilitar esta elección, e dado que na Facultade de Dereito se asigna o titor a cada alumno (o que pode marcar o tema sobre o que trate o TFG), intentarase adiantar no 1º cuadrimestre a asignación do titor as/os alumnas/os de modo que se facilite que o alumnado, unha vez teña asignado un titor do Grao en Dereito, poida escoller no Grao en ADE o titor que lle permita realizar un TFG cunha temática relacionada.

- Toma de decisións, se procede, en relación coa procura de coordinación para evitar solapamentos entre probas de avaliación continua e probas finais.

O representante do alumnado, D. Iván Fariña roga que exista maior coordinación entre ambos centros para evitar solapamentos nas probas de avaliación. A decana da Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo indica que xa solicitaron ao profesorado do PCEO, nunha xunta de Facultade, que non fixen datas de probas parciais na última semana de docencia do 1º cuadrimestre por coincidir cos exames oficiais do cuadrimestre no Grao en Dereito.

A vicedecana de organización académica da facultade de Empresariais enviará á coordinadora do Grao en Dereito o cronograma de actividades do PCEO para verificar que non exista solapamentos e, de existir, intentar mover algunha das datas.

- Toma de decisións, se procede, en relación co acto de graduación da primeira promoción do PCEO ADE-Dereito

A decana da facultade de Ciencias Empresarias e Turismo considera que o alumnado debe de asistir ós dous actos (e indica que o acto de graduación desta facultade celebrárase o 31 de maio de 2019). O mesmo opina o representante do alumnado, quen tamén solicita que, no acto de graduación de cada centro, se indique, no momento de comezar a nomear ao alumnado, que se trata da 1º promoción do PCEO.

- Informe das Sras. Coordinadoras dos graos en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico.

A coordinadora do grao en Dereito indica que nas distintas reunións co alumnado recóllense queixas sobre o solapamento de probas en ambos centros e solicitan maior coordinación para evitar este solapamentos.

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Acórdase que a vicedecana de organización académica pasará á coordinadora do Grao o cronograma de actividades, quen o remitirá ao profesorado do Grao en Dereito que o deberá ter en conta para elaborar o cronograma de actividades do PCEO.

- Rolda das intervencións

O representante do alumnado indica que é necesario buscar universidades onde se impartan ambas titulacións nun mesmo campus, e onde poidan os alumnos do PCEO realizar estancias Erasmus.

Acórdase revisar si nas universidades onde xa hai convenio con algunha das titulacións, se pode establecer o convenio coa outra titulación.

Acórdase transmitir ás coordinadoras de relacións internacionais de ambos centros: Dna. Belén Sánchez e Dna. Elena de Prada a necesidade de contactar coa vicerreitoría de Internacionalización para que se procuren solucións co obxectivo de que o alumnado dos PCEOs poidan acceder ao programa Erasmus con materias das dúas titulacións que cursan.

Actualmente os alumnos realizan a estancia e permíteselles cursar materias da outra titulación sen que exista un convenio específico coa outra Facultade.

24. 30/06/2018. Dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos titores do PAT e os alumnos titores solicitando que cumprimentasen o anexo "IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a" e o envíen por correo electrónico a coordinadora. Tamén se solicita ao profesorado que, se aínda non enviaron á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas o longo do curso, os acheguen para poder realizar o informe final do PAT deste curso.
25. 30/06/2018: Dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos estudantes- titores solicitándolles que cubran o anexo "IV-B: : Cuestionario final de satisfacción do titor/a" e o remitan por correo electrónico á coordinadora.
26. 30/06/2018: Dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos estudantes- titores solicitándolles que cubran o anexo "IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado" e o remitan por correo electrónico á coordinadora.
27. O 04/07/2018 celebrouse unha reunión de coordinación da titulación co obxectivo de:
 - Analizar o estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao en Dereito propostas para o curso 2017/18 e adopción de acordos respecto da planificación do traballo a realizar para a execución das que aínda non foran implantadas. As accións de mellora da titulación para o curso 2017/18 son:
 - (2017GDT01) Continuar coa análise das taxas académicas por materia dos estudantes e a análise comparativa entre sedes en materias nas que as taxas revelen un reducido rendemento dos estudantes. En Ourense xa se realizou dita análise e estase a espera de que en Vigo finalicen o informe das taxas.
 - (2017GDT02) Reunión co alumnado e profesorado para abordar os problemas de organización temporal das materias no plan de estudos. Xa se realizou dita consulta ao profesorado que considerou que non é necesario modificar o plan de estudos.
 - (2017GDT03) Valorar a oportunidade de proceder á modificación da memoria de verificación coa finalidade de incorporar os erros detectados a través dos informes de seguimento do título e outros cambios que se consideren convenientes. Acórdase non proceder á modificación da memoria.
 - Comentar as incidencias detectadas na elaboración das guías docentes por se dan lugar a modificación na memoria ou melloras para o curso 18/19. Acórdase propor as seguintes melloras para o seguinte curso:

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

- Solicitar que se modifique la aplicación DOCNET para que avise cando unha guía é modificada, e non enviada, ao coordinador do título.
- Incluir en todas as guías docentes, a partir do curso 18/19, no apartado "Outros comentarios" (dentro do paso 7: Avaliación), os seguintes tres apartados:
 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS
 2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA NON ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS
 3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2ª EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARREIRA
- Incluir en todas as guías docentes, a partir do curso 18/19, no apartado "Outros comentarios" (dentro do paso 7: Avaliación), as competencias que se avalían e resultados de aprendizaxe para o alumnado non asistente na primeira opción e para a segunda opción e Fin de Carreira.

4.3.2. Accións de mellora para o curso 2018/2019

En relación coa coordinación do Grao e Simultaneidade, as propostas de mellora que se prevén para o próximo curso son as seguintes:

- Solicitar que se modifique a aplicación DOCNET para que avise cando unha guía é modificada, e non enviada, ao coordinador do título.
- Incluir en todas as guías docentes, a partir do curso 18/19, no apartado "Outros comentarios" (dentro do paso 7: Avaliación), os seguintes tres apartados:
 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS
 2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA NON ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS
 3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2ª EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARREIRA
- Incluir en todas as guías docentes, a partir do curso 18/19, no apartado "Outros comentarios" (dentro do paso 7: Avaliación), as competencias que se avalían e resultados de aprendizaxe para o alumnado non asistente na primeira opción e para a segunda opción e Fin de Carreira.

En relación coa coordinación do Plan de Acción Tutorial:

- Propoñer aos estudantes_titores a creación, o día da primeira reunión do PAT, dun grupo de Whatsapp integrado polos alumnos titorizados e o estudante-titor por supor un modo máis rápido de comunicarse e que supón menos esforzo para o alumnado por non ter que asistir a reunións ou falar en público para expresar os seus comentarios ou pedir axuda.
- Establecer unha reunión co alumnado (valorar si só dirixido ao alumnado do primeiro curso ou a todo o alumnado do Grao) onde un profesor de cada departamento oriente ao alumnado sobre as materias dependentes do mesmo, e atenda e resolva de forma rápida e efectiva, na medida do posible, as suxestións e problemas do alumnado.

En relación coa coordinación das prácticas externas, as propostas de mellora que se prevén para o próximo curso son as seguintes:

- Actualización dos Convenios que foran denunciados ou derogados e adaptación á nova normativa e xestión de novos convenios con Organismos públicos e privados.

En relación coa coordinación de relacións internacionais e programas de mobilidade:

- Dado que o número de alumnos que participan en programas de mobilidade no Centro segue a ser baixo, é necesario seguir fomentando a participación do estudiantado nos Programas de mobilidade tanto nacionais

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

como internacionais promovendo charlas informativas tanto da ORI como da Responsable de Relacións Internacionais do Centro.

- Avanzar na internacionalización do centro a través da promoción no exterior do Itinerario en Dereito da Unión Europea, co obxectivo de atraer alumnos tanto do Programa ERASMUS como dos Programas con América Latina. Neste sentido, as accións encamiñanse a publicitar dito itinerario na web da nosa Facultade así como o envío de información ás diversas Universidades coas que o centro celebrou convenios de intercambio de alumnado.

En relación coa coordinación da materia de TFG:

- Apertura dun prazo para a presentación de propostas articuladas e motivadas de modificación do Regulamento para elaborar o Traxallo de fin de grao en Dereito para o curso 2019/2020 para optar pola avaliación e cualificación dos traballos por un sistema de tribunal unipersonal ou mixto, para a súa discusión e, no seu caso, toma en consideración pola Xunta, sen necesidade do aval do 25% dos membros.

5. Conclusións

A través das actas das reunións mantidas co alumnado, profesorado, tutores/as das prácticas externas e tutores/as dos traballos de fin de Grao, o equipo de coordinación vén cumprir co establecido na memoria do Grao. Ademais, proporciónalles á Comisión de Calidade e ao decanato información do proceso de implantación do sistema de garantía interno da calidade do centro no Grao en Dereito e na simultaneidade de estudos ADE-Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, tanto en relación coas incidencias que teñen xurdido como cos plans de mellora que se levan a cabo.

Da análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Grao en Dereito e na simultaneidade ADE-Dereito extráese, como principal conclusión, que os datos e indicadores obtidos así como os principais problemas e incidencias detectados pola coordinación foron obxecto de análise minuciosa, tanto dende a Coordinación como na Comisión de Calidade, coa finalidade de avanzar na mellora continua da titulación mediante a proposta de accións de mellora.

6. Anexos

Para completar a información, achéganse as actas das reunións, directrices, pautas e informes relativos ás accións de coordinación desenvolvidas no curso académico.

- Actas das reunións das distintas reunións de coordinación mantidas
- Informe Seguimento TFG
- Informe de seguimento. Prácticas curriculares
- Informe de seguimento. Relacións internacionais
- Informe Final Revisión das guías docentes 2018-2019
- Informe Final PAT 17/18
- Actas da Comisión de Calidade

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito

Data: 31/10/2018

Sinaturas:

Vicedecana de Planificación e Calidade

Vicedecana de Organización Académica e
Profesorado

Coordinadora de Relacións Internacionais

Coordinadora do Grao

Coordinadora de Prácticas Externas

Decana da Facultade de Dereito de
Ourense e Coordinadora do TFG